

Opción A

1. Esquema coas ideas principais e secundarias do texto

- A importancia da obra *Memorias dun neno labrego* para o autor.
 - Primeiro contacto coa obra
- *Memorias dun neno labrego* dentro da literatura universal
- Significación da obra no ámbito social galego
 - Transversalidade de sentimentos que provoca.

2. Escollemos a intención argumentativa xa que ten como obxectivo primordial dar a coecer una opinión mediante razón ou xustificacións coa fin de persuadir ao lector. De tódolos xeitos está combinado coa exposición por partes.

3. Natural e afortunadamente, a vida de hoxe en día nas aldeas non ten nada que ver co pasado. É máis, na miña opinión sería un luxo poder criar nenos nun entorno natural sen tantos perigos como o urbano e con máis posibilidades de xogar ao aire libre, por exemplo. Ademais os avances tecnolóxicos chegan, cos seus máis e os seus menos, a case todos os lugares rurais co que a desigualdade que puidera haber neste ámbito queda neutralizada.

O problema radica na despoboación. Antes en calquera poboación había nenos en todas as casas. Hoxe por hoxe teríamos que elixir ben onde criar ao neno para que non se sinta só. É necesaria a interacción con pequenos da súa idade para poder ter unha infancia despreocupada e feliz. Non é san que o neno se críe soamente entre adultos.

Os nenos do rural non viven tan estresados como os das cidades. Os seus pais non soen ter esas necesidades acuciantes de metelos en cantas máis actividades extra escolares por non ter tempo de atendelos ou de recollelos a tempo. Por outra banda, e máis fácil poder educalos no respecto pola natureza e os animais (se hai vontade por parte dos adultos, claro).

Eu non o dubidaría. Se algún día tivera fillos, intentaría que fose nun entorno rural.

4. A primeira é unha subordinada adverbial comparativa e a segunda é unha subordinada substantiva de complemento de réxime. No primeiro caso poderíámolo substituír por coma xa que non temos ningún caso de obrigatoriedade (pronome-verbo) senón un SN. No segundo caso non se pode xa que se trata de un adverbio interrogativo.

5. difund (lex) i (VT) d (morfema de participio) o (flexivo de xénero) s (flexivo de número). In (prefixo con valor negativo) xustiza (lexema) s (flexivo de número). Comprac (lexema) ente (morfema derivativo sufixo adxectivador) s (flexivo de número). Harmoni (lexema) os (morfema derivativo sufixo) o (flexivo de xénero).

Opción B

1. O tema do texto é o eterno rol de xénero da muller na casa cociñando e satisfacendo as necesidades básicas do marido: Manuel chega á casa antes de que a súa muller acabe o curso de calceta e atopa a

cea sen facer. Ten fame e non se lle pasa pola cabeza facer el algo senón que reñe con ela por telo deixado “cunha fame negra”. Pero ela parece disposta a seguir co curso.

2. Rosmando: falando polo baixo, emitindo sons confusos ou palabras incomprensibles como mostra de enfado ou de protesta.

Cuco: neste caso, a representación do paxaro que se ve neste tipo de reloxos cando dan a hora.

Eslombándome: Producindo un cansazo extremo.

Bulindo: Realizar unha acción coa maior rapidez posible.

Pampo: Que sente tal perplexidade, asombro ou admiración ante algo que oe ou ve, que non pode reaccionar.

3. Libre

4. Calceta (simple), Asociación (derivada), eslombándome (derivada), trangalladas (simple)

5. Suxeito (que ten dentro una subordinada adxectiva); Suxeito ou atributo; CD; CD; CD (A CIUG insiste en dicir que é predicativo. Á espera dunha rectificación, ou polo menos dunha admisión do CD, nós preferimos esta opción).